

CHAMÁBANME MARUXIÑA
(A tantas mulleres galegas ... do pasado?)

Chamábanme Maruxiña, inda que o meu nome fose María ...

Chamábanme Maruxiña, cunha condescendencia de perdoavidas que non me fería, cando pensaban «coitadiña, que vida pobre e triste lle tocou» ...

Chamábanme Maruxiña, sin saberen que me facía sentir ben, que me traía a lembranza da nai que non me pariu, pero que me acolleu cando a miña me abandonou ...

Ela sempre me dicía *miña Maruxiña*, cun agarimo que me envolvía, cando naquelas tardes de inverno fiaba no escano da lareira e eu me sentaba a carón dela, escoitando historias tan ben adobias, que parecían sacadas dun libro, mentras o pai facía uns zocos que nunca remataba.

Pero como parecía comprirlle ao meu fado, a nai finou cando eu non tiña ben os oito anos. Despois, todo foi doutra maneira; o pai doído pola súa perda e enfadado co mundo, pechou o seu corazón a calquera sentimento que non fose de rabia.

Xa non había historias fermosas, nin tardes borrallentas na lareira, nin cantigas, nin escola ...

Maruxiña tiña que axudar, coídar do gando, ir apañar toxo e leña ao monte, lavar a roupa e facer as cousas da casa.

O pai traballaba tamén arreo, máis non tiña tempo para agarimos nin conversas, sempre calado, envolto no fume dun pitillo eterno ...

Ninguén me contou nada da vida que había máis aló das nosas portas.

Aprendín soa, tentando non esquecer as catro letras que me ensinaran no pouco tempo que asistín á escola, nin as historias maravillosas que saíran da boca de miña nai, que me facían voar lonxe, moi lonxe, que me convertían nunha moza arriscada que un día tería unha vida de conto.

Foi pasando o tempo, o pai íase murchando sen ganas de nada e eu espertaba a sensacións descoñecidas. Un día de feira, achegouse a nós un mozo moi cumprimenteiro, que despois nos visitaba a miúdo, e ao pouco tempo, o pai cada vez máis enfermo, decidiu que tiña que casar con el para non quedar soa no mundo. Así, sen siquera preguntarme se eu quería ou non, «tiña que casar», xa decidiran eles que era o mellor para min.

Os primeiros anos foron fermosos, pero cando o pai faltou mudaron as cousas. Soñaba con ter unha meniña ou un meniño para darlle todo o amor que gardaba no meu corazón, mais os fillos nunca chegaron ... Comezou a acompañarme unha soidade que xa non me deixaría nunca.

O que ía ser o meu compañeiro de viaxe virou nun extrano para min. Marchaba a miúdo, ás veces durante días, sen dar explicacións nin reparar siquera na miña presenza.

Cando voltaba, case sempre enfadado, berraba e falábame de xeito brusco e seco, coma se eu poidese adiviñar o que pensaba, se estaba ben ou mal, se tiña fame, se quería falar ou non ...

Xa non volvemos xuntos nin siquera á festa da parroquia. Algún domingo cando el non estaba, ía á

misa e os veciños saudábanme con lástima, pero ninguén se atrevía a nada máis. Era un home violento e difícil, que non permitía que ninguén máis formase parte da miña vida.

Mentras, eu soñaba coa nai. Vivía na miña cabeza unha vida paralela, moi diferente, chea de ledicia e música ... ata cantaba baixiño, para que non rifase.

Un día, despois de moitas lúas, o home morreu. Sentín mágoa del porque nunca soubo disfrutar do sol nin das estrelas, do aire morno do verán, do calor da lareira nos meses fríos, das festas, do traballo, da veciñanza, da mocidade, da vida ...

Pola contra, na aldea sentían mágoa de min, da pobre Maruxiña soa e desamparada, sen home nin fillos, sin familia.

Non saben que agora son feliz, que poido vivir sin que ninguén me someta, cantar e bailar coa radio acesa, abrir as fiestras, comer ou non según me pida o corpo, pasear, falar coa veciñanza, rir coa rapazada que pasa por diante da miña porta camiño da escola...

A escola! Que lembranza morna! Un día, ata me atrevín a achegarme á hora do recreo. Un pouco alonxada gustábame mirar como os pequenos xogaban, envoltos nun balbordo ledo de voces e risas.

Voltei máis veces e comezaron a saudarme coas súas manciñas regordechas. Un día a mestra convidoume a entrar, e ata me deixou escoitar como lían. Eran unhas palabras ben fermosas:

«Eu son libre, nada pode conter a marcha dos meus pensamentos
e eles son a lei que rexe o meu destino» ...

Fiquei abraiada! Mesmo parecían escritas para min!

Pregunteille quen escribira algo así, porque me gustaría coñecer esa persoa que tan ben dicía con palabras o que eu sempre sentira. A mestra dixo que fora unha tal Rosalía de Castro, pero que xa morrera moito antes de eu nacer.

Non sei, non lle quixen levar a contra porque non teño escola, pero para mín que a tal Rosalía llo escoitou a miña nai ...

E volvín ser nena!

 Volvín ser Maruxiña,

 sentada no escano,

 a carón da miña mamá,

 voando libre ...